

CONVENIO ENTRE A AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E A AXENCIA TURISMO DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA NUN 60% DO GASTO ELIXIBLE A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO MARCO DO PROGRAMA DE GALICIA FEDER 2021-2027.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Doutra parte, Pablo Fernández Vila, en nome e representación da Axencia Instituto Enerxético de Galicia en adiante Inega, na súa calidade de director, cargo para o que foi nomeado polo Decreto 95/2022, do 9 de xuño, facendo uso das facultades do seu cargo e das que lle foron conferidas en virtude das atribucións que lle confire a Resolución do 10 de marzo de 2017 pola que se delegan competencias atribuídas á persoa titular da Presidencia da axencia Inega (DOG núm. 60, do 27 de marzo)

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen coa capacidade legal necesaria para o outorgamento deste acordo de cooperación e para o efecto

EXPOÑEN

Primeiro. Que a Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 anexo I do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o impulso, coordinación e execución da política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade autónoma.

En exercicio das súas funcións, a este órgano correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

O Centro Superior de Hostalería de Galicia (CSHG) é un centro de ensino universitario que forma directivos hostaleiros e xestores en cociña cunha metodoloxía moderna e eficaz, coa cal



o alumnado pode conseguir os máis altos niveis de profesionalidade activa na súa futura profesión.

O Decreto 196/2012, do 27 de setembro, recolle no seu obxecto o impulso á innovación, investigación, formación e cualificación das empresas e profesionais do sector turístico. Dentro da Axencia Turismo de Galicia atópase o Centro Superior de Hostalaría de Galicia que, entre as súas funcións, ten o desenvolvemento da docencia e a investigación conforme as exigencias metodolóxicas e substantivas propias de toda institución do ámbito universitario.

O CSHG albérgase nun edificio construído no ano 1974 do arquitecto Álvaro Libano. O uso desde 1993 é docente - escola de hostalería. A última reforma en canto á súa distribución na funcionalidade do edificio (cociñas e espazos adxacentes), levouse a cabo no ano 1994.

O tempo transcorrido desde a súa última reforma fai necesaria unha revisión profunda e integral do edificio que abarque tanto o sistema construtivo coma as instalacións de climatización co obxectivo de mellorar a súa eficiencia enerxética e reducir as emisións de CO₂.

Segundo. Que o Inega é unha entidade instrumental do sector público autonómico con personalidade xurídica e patrimonio de seu para o cumprimento dos seus fins, que se constitúe en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición á consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo. Entre os seus fins están "o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos dos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestacións, se é o caso, de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do goberno no ámbito das súas competencias".

Que para o exercicio axeitado das súas funcións, o Inega pode establecer convenios e contratos con institucións públicas ou privadas, así como colaborar con outras Administracións para favorecer a adopción de medidas de aforro, de racionalización na produción, distribución e subministración de enerxía (art. 5 da Lei 3/1999).

Terceiro. As actuacións obxecto deste convenio serán cofinanciadas pola Unión Europea nun 60% do gasto elixible co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional a través do Programa de Galicia FEDER 2021-2027.

O Inega é organismo xestor no marco do Programa de Galicia FEDER 2021-2027 e como tal, ten asignada unha senda financeira de axuda FEDER a executar en distintos obxectivos específicos e considérase Beneficiario a efectos do Programa de Galicia FEDER 2021-2027.

As actuacións obxecto deste convenio encádranse na liña de actuación 2.1.01 "Mellora da eficiencia enerxética en edificios e infraestruturas públicas", obxectivo específico RSO2.1 "Fomentar a eficiencia enerxética e a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro",



prioridade P2A "Transición verde", obxectivo político 2 "Unha Europa máis verde, hipocarbónica e en transición cara a unha economía con cero emisións netas de carbono, e resiliente, promovendo unha transición enerxética limpa e equitativa, a inversión verde e azul, a economía circular, a mitigación do cambio climático e a adaptación a el, a prevención e xestión de riscos e a mobilidade urbana sostible", dentro do Programa de Galicia FEDER 2021-2027.

Cuarto. As actuacións contempladas no presente convenio axustaranse en todo momento ao establecido no Programa de Galicia FEDER 2021-2027 e á normativa autonómica, estatal e da Unión Europea que regulamenta este tipo de investimentos, concretamente:

- 1) Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021 polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados; así como a súa normativa de desenvolvemento e execución (en diante RDC).
- 2) Regulamento (UE) 2021/1058 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021 relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e ao Fondo de Cohesión; así como a súa normativa de desenvolvemento e execución.
- 3) Orde HFP/1414/2023 do 27 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e o Fondo de Transición Xusta para o período 2021-2027.
- 4) Ademais, será de aplicación toda a normativa de desenvolvemento que aproben as instancias comunitarias, así como a normativa estatal e autonómica que resulte de aplicación, en particular, en materia de contratación pública, de accesibilidade para persoas con discapacidade e cumprimento da normativa ambiental, incluído o principio DNSH. En todo caso, adoptaranse as medidas necesarias para evitar o dobre financiamento do mesmo custo, en particular por parte do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), o Programa Plurirrexional FEDER ou outros instrumentos de financiamento da Unión Europea.

Quinto. Que as entidades asinantes están interesadas en impulsar o aforro e a eficiencia enerxética e o uso das enerxías renovables co obxectivo de reducir o consumo de enerxía e a factura enerxética nos edificios e instalacións pertencentes ao sector público autonómico.

Por todo o exposto e dado o interese mutuo entre as partes reunidas, en virtude da representación que ostentan, manifestan a súa vontade de colaboración e acordan asinar o presente Convenio de conformidade coas seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO

O presente Convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre as partes para impulsar o aforro, a eficiencia enerxética e as enerxías renovables no edificio do Centro Superior de Hostalería de Galicia (CSHG), situado na Estrada Santiago - Noia, km 3 lugar de A Barcia, núm. 56, Santiago de Compostela. As actuacións que ambas partes consideran oportuno xestionar a través do presente convenio descríbense no anexo I deste acordo.

SEGUNDA: COMPROMISOS DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA

A Axencia de Turismo de Galicia comprométese a:

1. Executar as actuacións das que é obxecto este convenio e que se desenvolverán no edificio do Centro Superior de Hostalería de Galicia (CSHG) en Santiago de Compostela. Trátase de actuacións en materia de aforro e eficiencia enerxética e enerxías renovables, en concreto, mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de cociña.
2. Esta contratación poderá realizarse a través de calquera tipo contractual válido dos delimitados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
3. Someterse ás actuacións de comprobación que se efectuasen polo Inega, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, nomeadamente a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, e xa que o proxecto está cofinanciado con fondos da Unión Europea, as comprobacións e verificacións a realizar polo Organismo Intermedio, a Autoridade de Xestión e a Autoridade de Auditoría, e, se é o caso, polos órganos de Control da Comisión Europea, da Oficina de Loita Contra a Fraude (OLAF), da Fiscalía Europea e do Tribunal de Contas Europeo e outras instancias de control, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
4. Manter o investimento de que se trate para a finalidade e co carácter solicitado por un período mínimo de cinco anos desde o pagamento final ao beneficiario, de acordo co artigo 65.1 do RDC. Do mesmo xeito, deberá cubrir os custos de funcionamento e mantemento da actuación para garantir a súa sostibilidade financeira, en aplicación do estipulado no artigo 73.2.d) do RDC.
5. Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado que facilite unha pista de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes cos investimentos realizados ao abeiro deste convenio.



6. Conservar a documentación administrativa relacionada coas actuacións obxecto do presente convenio que, dada a súa natureza, lle corresponda custodiar, durante un prazo de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano en que a autoridade de xestión efectúe o último pago ao beneficiario, tal e como se establece no artigo 82 do RDC.
7. En relación coas obrigas en materia de visibilidade, transparencia e comunicación reguladas nos artigos 47 e 50 do RDC, deberase cumprir co establecido no anexo IX do RDC, no documento "El uso del emblema europeo en el contexto de los programas de la UE 2021-2027" (https://commission.europa.eu/system/files/2021-05/eu-emblem-rules_es.pdf) publicado pola Unión Europea e na Guía de Comunicación elaborada polo Organismo Intermedio, co obxectivo de recoñecer a axuda dos Fondos Comunitarios á presente actuación. A Axencia de Turismo de Galicia recoñecerá o cofinanciamento de fondos europeos e, para elo:

- a. Exhibirá, nun lugar destacado de todos os documentos, actividades e materiais de comunicación relacionados coa actuación, o emblema europeo en combinación cunha declaración sinxela en relación co cofinanciamento, que mencione o apoio recibido da UE ("Cofinanciado pola Unión Europea") e o logotipo de Fondos Europeos. Esta obrigación resulta de aplicación para todas as actividades de comunicación relacionadas coa actuación, incluídas as referentes aos medios de comunicación, conferencias, seminarios e material informativo (como folletos, carteis, presentacións, ...)/ (...) en formato electrónico, a través de medios de comunicación tradicionais ou das redes sociais; resulta tamén aplicable para calquera infraestrutura, equipo, vehículo, subministración ou resultado importante cofinanciado na contorna da actuación.

Os emblemas e logotipos, listos para o seu uso, poden descargarse no seguinte enlace:

https://fondoseuropeos.xunta.gal/documents/d/fondos-europeos/logos_web

- b. Estará obrigado a, tan pronto como comece a actuación e durante toda a súa execución, colocar un cartel temporal de tamaño significativo ou valo publicitario resistente, nun lugar ben visible para o público, no que figuren o emblema e logotipo mencionados no apartado anterior, cumprindo as directrices que estableza a Comisión mixta de seguimento.

Previamente á finalización do contrato, e sempre con anterioridade a que teña lugar a retirada do cartel ou valo mencionado no punto anterior, colocarse un cartel ou placa permanente de tamaño significativo, nun lugar ben visible para o público, conforme ás directrices que estableza a Comisión mixta de seguimento.

- c. Deberá facilitar á Comisión mixta de seguimento, preferentemente en formato dixital, unha copia de todos os materiais de comunicación e publicidade que elabore no marco da actuación. Este material deberá ser posto



ao dispor do Organismo Intermedio ou das institucións da Unión Europea se así llo solicitan.

8. Achegar os documentos que acrediten a execución do investimento, así como os informes e demais documentos que poidan ser esixidos polo Inega.
9. En relación coas medidas de loita contra a fraude, serán de aplicación as directrices establecidas no Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia e deberá someterse ás actuacións de control e análise de riscos que poida efectuar a Autoridade de Xestión do Programa Galicia FEDER 2021-2027 ou as unidades competentes do Organismo Intermedio, aceptando a obriga de aplicar medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión tendo en conta os riscos detectados, tendo en conta o disposto no artigo 74.1c) do RDC, proporcionando información para a detección de posibles "bandeiras vermellas".

Para os efectos de facilitar a remisión ás autoridades competentes de calquera información relevante na loita contra o fraude aos intereses financeiros da Unión Europea, calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea poderá poñer os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos a través do canal habilitado para o efecto <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>.

10. De acordo co disposto no artigo 9.4 do RDC, as actuacións obxecto do presente convenio respectarán o principio de «non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente» (principio "do no significant harm" - DNSH). En atención ao considerando 10 do citado RDC, o principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente debe interpretarse no sentido do artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles. Por tanto, todas as actuacións que se executen dentro do Programa Galicia Feder 2021-2027 deben cumprir o principio de non causar un prexuízo significativo aos seguintes obxectivos ambientais recollidos no artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles:
 1. Mitigación do cambio climático.
 2. Adaptación ao cambio climático.
 3. Uso sostible e protección dos recursos hídricos e mariños.
 4. Transición cara a unha economía circular.
 5. Prevención e control da contaminación.
 6. Protección e recuperación da biodiversidade e os ecosistemas.



11. En base ao establecido no art. 9.3 do RDC, deberase garantir o cumprimento da normativa comunitaria, estatal e/ou autonómica aplicable en materia de accesibilidade para persoas con discapacidade.

TERCEIRA: COMPROMISOS DO INEGA

O Inega comprométese a:

1. Aplicar os fondos FEDER asignados dentro da súa senda financeira para financiar, nas anualidades 2026 e 2027, o proxecto obxecto deste convenio nunha contía do 60% do importe do orzamento total do proxecto elixible, que ascende a 904.999,59 euros para a implantación das melloras en eficiencia enerxética no edificio do CSHG.
2. Asesorar á Axencia de Turismo de Galicia nos aspectos técnicos e xurídicos necesarios para a preparación e execución dos proxectos de aforro e eficiencia enerxética obxecto deste convenio.
3. Actuar como beneficiario a efectos do Programa de Galicia FEDER 2021-2027 perante o Organismo Intermedio e entidades e órganos que participan no desenvolvemento e control do Programa.

CUARTA: ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O orzamento total das actuacións a realizar ao abeiro deste acordo ascende á cantidade de **tres millóns novecientos noventa e oito mil novecientos cincuenta e catro euros con setenta e seis céntimos (3.998.954,76 €)**.

A Axencia de Turismo de Galicia executará os investimentos descritos no anexo I con cargo aos seus créditos orzamentarios do exercicio 2026 e 2027, segundo se reflicte no seguinte cadro:

Aplicación orzamentaria	Código proxecto	Exercicio 2026	Exercicio 2027
04.A2.761A.632.0	2026 00001	3.901.106,68 €	97.848,08 €

O Inega financiará o 60% dos investimentos elixibles correspondentes a importes de axuda FEDER que ten asignados dentro da súa senda financeira e que están consignados no proxecto de orzamentos para o ano 2026 e 2027 da Axencia de Turismo de Galicia segundo se reflicte no seguinte cadro:

Modalidade de financiamento	Exercicio 2026	Exercicio 2027
FEDER 2021-2027 (60%)	882.855,69 €	22.143,90 €
FCA que cofinancia (40%)	588.570,46 €	14.762,60 €
Total	1.471.426,15 €	36.906,51 €



Con carácter previo ao inicio dos expedientes de contratación, acreditarase a plena dispoñibilidade das cantidades, mediante a incorporación deste convenio formalizado e certificado de existencia e retención de crédito correspondente na aplicación dos orzamentos de gastos.

O gasto que finalmente non se considere elixible para o seu financiamento no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027 será financiado exclusivamente con cargo aos fondos propios da Axencia de Turismo de Galicia.

QUINTA: XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1. A Axencia de Turismo de Galicia facilitará ao Inega a efectos de xustificación a seguinte documentación:
 - a) Publicación do inicio do expediente de licitación no Diario Oficial da Unión Europea e/ou na Plataforma do Órgano de Contratación.
 - b) Certificado do responsable do contrato de que a adxudicación no expediente de contratación foi realizada de acordo co previsto na Lei de Contratos do Sector Público, no que ademais se reflicta o importe do investimento elixible en eficiencia enerxética previsto na execución.
 - c) Unha vez rematada a obra, certificado no que se establezan as condicións de execución finais do proxecto, e que reflicta o importe final do investimento elixible trala execución das actuacións, así como certificado de cualificación de eficiencia enerxética no estado final do edificio, asinado por persoa competente.
 - d) Ademais da documentación esixida nos apartados anteriores, a Axencia de Turismo de Galicia terá a obriga de subministrar ao Inega, cando se lle requira, a información necesaria para o rexistro, na aplicación implantada para a xestión de Fondos Europeos 2021-2027, dos datos relativos ás actuacións subvencionadas.
2. O Inega levará a cabo a comprobación da execución dos investimentos que se realicen, debendo proceder a asignar os medios materiais e humanos necesarios para o seu desenvolvemento.
3. O Inega resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa, en relación coa xustificación do cumprimento do obxecto do convenio.

SEXTA: COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

A comisión mixta de seguimento, integrada por dous representantes da Axencia de Turismo de Galicia e dous representantes do Inega, é o órgano de seguimento e resolución dos posibles conflitos que puidesen xurdir durante a vixencia do presente acordo.

As actuacións obxecto deste convenio poderanse modificar a proposta da comisión mixta de seguimento, requirindo acordo expreso das partes e tendo que formalizarse a través da correspondente addenda.



A comisión de seguimento reunirse en sesión constitutiva no prazo dun mes desde a sinatura do presente acordo e poderán reunirse cantas veces o solicite unha das partes. En todo caso reunirse como mínimo cada 6 meses durante a vixencia do convenio.

SÉTIMA: MODIFICACIÓN E CAUSAS DE RESOLUCIÓN

O presente Convenio poderá ser modificado de mutuo acordo entre as partes asinantes do mesmo.

Serán causas de resolución do presente convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia sen haberse acordado a prórroga do mesmo.
- b) O mutuo acordo entre as partes.
- c) A imposibilidade sobrevida para o seu cumprimento.
- d) A denuncia motivada de calquera das partes formulada cunha antelación de dous meses; neste caso, a parte que materialice a denuncia unilateral do convenio asumirá os custes que desta se desprendan en relación cos traballos xa executados e as indemnizacións que se poidan deducir dos expedientes de contratación tramitados.
- e) A denuncia motivada dunha das partes por incumprimento total ou parcial polo outra parte das obrigas asumidas en virtude deste convenio

En calquera suposto de resolución anticipada do convenio, as partes comprométense a continualo ata o remate das actividades en curso.

A liquidación das obrigas en caso de resolución anticipada realizarase mediante rateo dos custos entre as partes, ata o límite das contías económicas máximas respectivamente comprometidas polas mesmas.

OITAVA: PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes están obrigadas a cumprir coas normas sobre a protección de datos de carácter persoal, en concreto, co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/45/CE.

Os asinantes manifestan o seu consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que constan no presente convenio e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.



NOVENA: NATUREZA XURÍDICA DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa, e rexerese pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, e demais normativa de aplicación.

De conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, este convenio queda fóra do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, conforme recolle o artigo 4 do citado texto.

As discrepancias que poidan xurdir resolveranse nos termos previstos no artigo 18 da Lei 14/2013, do 26 de decembro de racionalización do sector público autonómico e no artigo 13 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para os conflitos de atribucións.

DÉCIMA: VIXENCIA

A vixencia deste convenio será desde o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027, sen prexuízo da vixencia das obrigas derivadas de regulamentos comunitarios, podendo prorrogarse por acordo expreso das partes manifestado con anterioridade á data de súa finalización, de conformidade co disposto na letra h) do 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.

DÉCIMO PRIMEIRA: CONCORRENCIA DE FINANCIAMENTO

O importe das cantidades recibidas polo obxecto deste convenio non poderá en ningún caso ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administración públicas ou doutros entes públicos ou privados supere o custo da actividade a desenvolver.

Non obstante, e de acordo co establecido no considerando (49) do Regulamento (UE) 2021/1060, para optimizar o valor engadido dos investimentos financiados total ou parcialmente con cargo ao orzamento da Unión, deben buscarse sinerxías, en particular, entre os Fondos e outros instrumentos pertinentes, entre eles o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Esas sinerxías deben conseguirse por medio de mecanismos clave de fácil manexo, concretamente a posibilidade de combinar o financiamento procedente de diferentes instrumentos da Unión na mesma operación, sempre que se evite o dobre financiamento.

DÉCIMO SEGUNDA: PUBLICIDADE

En canto á publicidade, procederase conforme á Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, ao Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios



da Xunta de Galicia e ao Decreto 123/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios, e de sancións da Xunta de Galicia.

As partes asumen o compromiso de se citar mutuamente como participantes do proxecto. Deste xeito deberase incluír en toda a documentación (técnica, administrativa, de promoción, difusión ou publicitaria ben sexa en soporte papel, electrónico ou audiovisual), e sobre os activos materiais dos proxectos de aforro e eficiencia enerxética e de aproveitamento de enerxías renovables, que polo tamaño, valor ou outra característica que razoablemente se considere relevante, executados con cargo aos fondos do presente convenio, segundo a lenda específica asociada ao financiamento con fondos FEDER, lenda que estará situada nun lugar destacado nos soportes antes mencionados, cuns tipos de letra iguais ou superiores aos do maior tamaño dos que acompañan no mesmo texto global.

E en proba de conformidade asínase o presente convenio

O Director da Axencia De Turismo de Galicia

O Director da Axencia Instituto Enerxético de Galicia



ANEXO I: RELACIÓN DE ACTUACIONES

O CSHG albégase nun edificio construído no ano 1974 do arquitecto Álvaro Libano. O uso desde 1993 é docente - escola de hostalería. A última reforma en canto á súa distribución na funcionalidade do edificio (cociñas e espazos adxacentes), levouse a cabo no ano 1994.

O tempo transcorrido desde a súa última reforma fai necesaria unha revisión profunda e integral do edificio que abarque tanto o sistema construtivo coma as instalacións de climatización co obxectivo de mellorar a súa eficiencia enerxética, o confort dos seus usuarios e, consecuentemente, reducir as emisións de CO₂.

Previamente ao desenvolvemento do proxecto, realizouse a análise do edificio desde o punto de vista enerxético (auditoría), así como a súa cualificación, constatando que podían acadarse aforros enerxéticos importantes levando a cabo, entre outras, as seguintes melloras de eficiencia enerxética (Conxunto Mellora 5):

1. Dotar a cámara de aire do edificio dun illamento térmico (MJet01).
2. Substitución do sistema de climatización e renovación de aire (MJi01).
3. Substitución das caldeiras de gas natural por bombas de calor para AQS e calefacción por radiadores (MJi02 + MJi03).
4. Substitución da iluminación led actual por un novo sistema led con control adaptada ás necesidades funcionais (MJi04).

Para executar as obras anteriormente descritas, téñense que facer outros traballos complementarios: tabiquerías novas, falsos teitos,...

Coa realización destas melloras acadaríanse os seguintes obxectivos, respecto da situación de partida (inicial):

1. Pasar da cualificación enerxética "C" a unha cualificación enerxética "A".
2. Un aforro de enerxía final do 82,4%.
3. Un aforro do consumo de enerxía primaria no renovable do 72,2%
4. Unha redución nas emisións de CO₂ do 77,3%.

As citadas actuacións supoñen a seguinte desagregación económica das partidas:

RESUME DO ORZAMENTO SEGUNDO O PROXECTO TÉCNICO



Actuación	Descripción	Importe (€)
CUSTOS ELIXIBLES FEDER 21-27		
1	Illamento térmico da fachada con limpezas	138.933,69
2	Substitución do sistema de climatización e renovación de aire	733.949,75
3	Substitución das caldeiras de gas por bombas de calor para AQS e calefacción por radiadores	108.931,09
4	Substitución da iluminación led por un novo sistema led con control	48.389,44
5	Xestión de residuos	2.700,00
6	Control de Calidade	6.109,60
7	Seguridade e Saúde	8.512,41
	Execución Material	1.047.525,98
	Gastos Xenerais (13 %)	136.178,38
	Beneficio Industrial (6 %)	62.851,56
	Importe sen IVE	1.246.555,92
	IVE (21 %)	261.776,74
	Total Orzamento elixible + IVE	1.508.332,66
CUSTOS NON ELIXIBLES FEDER 21-27		
8	Substitución ascensor interior	33.093,90
9	Cuberta	272.827,21
10	Obra interior	575.606,85
11	Urbanización exterior	19.439,30
12	Equipamento cociñas	735.529,77
13	Equipos cociñas cuberta	51.455,44
14	Saneamento e fontanería	41.766,33
	Execución Material	1.729.718,80
	Gastos Xenerais (13 %)	224.863,44
	Beneficio Industrial (6 %)	103.783,13
	Importe sen IVE	2.058.365,37
	IVE (21 %)	432.256,73
	Total Orzamento non elixible + IVE	2.490.622,10

